



ENTROIDO 2017

ACTIVIDADES DÍA 24 DE FEBREIRO

1. DE 8:30-10:10 HABERÁ CLASE NORMAL

2. DE 10:30 a 12:10 HORAS

2.1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Se non hai cambios de última hora, realizaranse no pavillón de fora. Durante o desenvolvemento das actividades deportivas todo o alumnado poderá asistir como público aos partidos que se estean a xogar nese momento. **NON SE PODERÁ ESTAR POLOS CORREDORES OU NO PATIO, NIN CAMBIAR DE LUGAR** unha vez decidan asistir as competición deportivas.

Organizadores:

Bruno Penas (2º bacharelato C), Manuel Permuy (2º bacharelato C)

Árbitro da competición:

Diego Bouza (2º bacharelato C)

O calendario de participación será o seguinte:

Equipos de 1º, 2º e 3º ESO	
<p>Haberá unha primeira fase de tres partidos, os gañadores deses encontros pasarán a unha segunda ronda, onde xogarán entre eles tres partidos máis. Gañará o equipo que consiga máis puntos nesta segunda ronda, na que unha vitoria son tres puntos e un empate un punto.</p> <p style="text-align: center;">Primeira ronda:</p> <p style="text-align: center;"><i>Xabarín club-Niños FIFA</i></p> <p style="text-align: center;"><i>Pozo Murcia-Los rompecabezas</i></p> <p style="text-align: center;"><i>Los panchos-The Donald's Trumps</i></p>	<ul style="list-style-type: none">● Os encontros terán unha duración de 7 minutos a unha única parte.● Na primeira ronda se houbera un empate decidirase a penaltis. Cada equipo lanzará 5 penaltis sen opción de repetir lanzador.

Equipos de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato

Haberá unha primeira fase de dous partidos, os gañadores deses encontros enfrontaranse na final. Previamente os perdedores xogaran entre eles polo terceiro e cuarto posto.

Primeira ronda:

Alcohólicos Sociedad Deportiva-Paletos Team

Atlético Féminas-Los viciosos

● Os encontros terán unha duración de 10 minutos a unha única parte.

● En caso de empate pasarase directamente aos penaltis. Cada equipo lanzará 5 penaltis sen opción de repetir lanzador.

2.2. OBRADOIROS DE PEITEADO E MAQUILLAXE DE ENTROIDO

Durante as competicións deportivas, varias alumnas de 2º de bacharelato organizaron uns obradoiros de peiteado e maquillaxe de entroido para que o alumnado que o desexe poida facelo. Só é necesario que cada un traia o maquillaxe e complementos que desexe que lle poñan ou asesoren para facelo. Debido ao número limitado de peticións que se poden atender **solicitamos que vos apuntedes** antes do xoves en vicedirección. Estes obradoiros realizaranse no vestíbulo de bacharelato. Se os alumnos non están apuntados, non poderán estar nos corredores, deben estar ou nas aulas ou nas competicións deportivas.

3. **AS 12 HORAS:** *Os profesores acompañarán aos alumnos ao salón de actos. Levarán xa as mochilas e non volverán á aula.*

4. **COMEZO DO FESTIVAL: 12:15 horas**

AVISOS PARA OS PROFESORES

- Durante as competicións deportivas e os obradoiros é necesario que algúns dos profesores que teñen clase na ESO acudan a vixiar aos alumnos no pavillón e algúns dos que tiñan docencia en bacharelato queden no vestíbulo do edificio de bacharelato para controlar aos que quedan nos obradoiros. Os alumnos que non acudan a ningunha das dúas actividades e queiran disfrazarse poderán facelo nas aulas, sempre que haxa un profesor dentro, polo que os profesores que non acudan nin ao pavillón nin ao vestíbulo poden xuntar a alumnos de diferentes grupos nunha aula e así telos atendidos a todos.
- Procurade que antes de levar aos alumnos ao salón de actos para o festival as **aulas queden recollidas** xa que non volverán a elas.

GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN